



# BOP

MIÉRCOLES, 14 DE JULIO DE 2010

Nº 159

## DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía e Industria

##### Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 25 de xuño do 2010 do Departamento Territorial de Economía e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica "LMT. CT. RBT. Cimadevila-Bolmente" no Concello de Sober (exp. 026/2008 AT.)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do Sector Eléctrico e no título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica:

Denominación: LMT. CT. RBT. Cimadevila-Bolmente.

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: A Batundeira 2, Velle - Ourense.

Finalidade: Mellorar a calidade da subministración eléctrica na zona.

Características técnicas principais:

1.- Liña aérea de media tensión núa San Pedro con orixe no apoio existente nº 65-A55 e final no CT intemperie proxectado, de 725 m. de lonxitude, a 20 kV sobre apoios de formigón, en condutor LA-56/54,6 mm<sup>2</sup>.

2.- Centro de transformación intemperie San Pedro, de 100 kVA de potencia e relación de transformación 20 kV/400-230 V.

3.- Liña aérea de baixa tensión aérea de 1.719 m. de lonxitude, con orixe no CT intemperie proxectado Cimadevila, sobre apoios de formigón, en condutor RZ.

4.- Liña de baixa tensión aérea de 678 m. de lonxitude, con orixe no CT. Bolmente, sobre apoios de formigón, en condutor RZ.

5.- Liña de baixa tensión soterrada de 176 m. de lonxitude, con orixe na RBTA en proxecto do CT Bolmente, en condutor XZ.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 54 da citada Lei, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións por duplicado neste Departamento Territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de VINTE DIAS hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións neste Departamento Territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 25 de xuño de 2010.- O Xefe Territorial de Lugo. José Manuel Vázquez Leirado.

### RELACIÓN DE PROPIETARIOS BENS E DEREITOS AFECTADOS

Nº Finca	Ref. Catastral				Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	Apoio		Afeccións	
	Polg.	Parc.	Paraxe					Nº	m <sup>2</sup>	ml aé	m <sup>2</sup> aé
5	48	502	AS AREAS	Prado	- Ramón Vázquez Martínez Santiorxo Nº20 - 27422 Sober - LUGO		1(1/2)	1.0	31.0	313.0	
6	48	502	AS AREAS	Prado e árbores	- Ramón Vázquez Martínez Santiorxo Nº20 - 27422 Sober - LUGO				30.0	350.0	
9	48	535	AS AREAS	Labor	- Ivan Manuel Prado Rodríguez Bolmente Nº3 - 27425 Sober - LUGO				11.0	108.0	
10	48	536/ 537	AS AREAS	Prado	- Manuel Prieto Castillo c/ Silvio Fernandez Rodríguez Nº7 - 32002 OURENSE				25.5	254.0	
11	48	538	AS AREAS	Prado	- Antonia Vázquez García Santa Marta Nº38 - 27425 Sober - LUGO				26.0	264.0	
12	48	541 <sup>º</sup>	AS AREAS	Prado	- Concepción Llano Vázquez Arxemil Nº28 - 27425 Sober - LUGO					27.0	
14/1	48	551	AS AREAS	Prado	- Josefa Fernández Pérez Bolmente Nº110 - 27425 Sober - LUGO				8.0	54.0	
15	48	554	A FONTE	Prado	- José Quintas Fernández Carude Nº140 - 3º - 27400 Monforte de Lemos - LUGO					24.0	
16	48	556/ 557	A FONTE	Prado	- José Álvarez Rodríguez Santa Marta Nºs/n - 27425 Sober - LUGO				19.0	180.0	
17	48	549	A FONTE	Labor	- Ivan Manuel Prado Rodríguez Bolmente Nº3 - 27425 Sober - LUGO				5.0	52.0	
19	48	563	A FONTE	Prado	- Ivan Manuel Prado Rodríguez Bolmente Nº3 - 27425 Sober - LUGO		4	2.0	61.0	654.0	
20	48	563	A FONTE	Prado	- Ivan Manuel Prado Rodríguez Bolmente Nº3 - 27425 Sober - LUGO				2.0	19.0	
21	48	564	A FONTE	Prado	- Concepción Llano Vázquez Arxemil Nº28 - 27425 Sober - LUGO				4.5	27.0	
22	48	563	A FONTE	Prado	- Ivan Manuel Prado Rodríguez Bolmente Nº3 - 27425 Sober - LUGO				4.5	32.0	
23	48	565/ 576	A FONTE	Prado	- Concepción Llano Vázquez Arxemil Nº28 - 27425 Sober - LUGO				5.5	45.0	
24	48	578/ 576	A FONTE	Prado	- Josefa Fernández Pérez Bolmente Nº110 - 27425 Sober - LUGO				7.0	69.0	
26/1	48	581	A FONTE	Prado	- Rosario Martínez Varela Valencia Nº14 - 5A - 36203 Vigo - PONTEVEDRA				5.0	53.0	
27	48	581/ 577	A FONTE	Prado	- Rosario Martínez Varela Valencia Nº14 - 5A - 36203 Vigo - PONTEVEDRA				12.0	118.0	
28	48	582	A FONTE	Frutais	- Santos Hector Díaz Freire Francisco Moure Nºs/n - 27400 Monforte de Lemos - LUGO				13.0	206.0	
29	48	583	A FONTE	Prado	- Antonia Vázquez García Santa Marta Nº38 - 27425 Sober - LUGO				9.0	96.0	
31	56	24/26	PIÑEIRES	Prado e árbores	- Rosario Martínez Varela Valencia Nº14 - 5A - 36203 Vigo - PONTEVEDRA		5	2.0	42.0	487.0	

35	56	46	PIÑEIRES	Monte alto	- Josefa Fernández Pérez Bolmente Nº110 - 27425 Sober - LUGO			8.0	123.0
36	56	47	PIÑEIRES	Monte alto	- Rosendo Sánchez Carnero y HNOS Gundivos Nº6 - 27460 Sober - LUGO	6(1/2)	1.0	25.0	404.0
37	56	48/49	PIÑEIRES	Prado e árbores	- José Pérez Vidal Santa Marta - 27425 Sober - LUGO	6(1/2)	1.0	87.0	976.0
38	56	50	PIÑEIRES	Monte alto	- Dolores Vázquez Pérez Teixamela Nº71 - 1º Vigo - PONTEVEDRA	CT	9.0	16.5	264.0

R. 03637

Resolución do 29 de xuño de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Lugo. (Nº expte: IN407A 2009/135-2-7628-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES NEIRA PÉREZ, SL.

- Domicilio social: R/. SAN ROQUE, 4-4º B, 27002, LUGO.

- Denominación: DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURA ELÉCTRICA PARA NOVO EDIFICIO EN R/ PAXARIÑOS.

- Situación: CONCELLO DE LUGO.

- Características técnicas:

- LMT soterrada en canalización existente a 20 KV, un circuito con orixe no CT existente San Roque propiedade de BEGASA ubicado na rúa Ramón Montenegro e final no CT proxectado na Rúa Paxariños e outro circuito con orixe no CT proxectado e final no CT D. Balanzá existente propiedade de BEGASA ubicado na rúa Ramón Montenegro, para a realización da obra contéplase unha canalización proxectada de 125 metros de lonxitude e arquetas de interconexión, realízase a liña en conductor RHZ-240.

- CT non prefabricado ubicado no edificio a electrificar cunha potencia de 630 KVA, relación de transformación 20.000/400-230V.

- LBTS, un total de dúas liñas, con orixe no CT proxectado e final nos portais dos que consta o edificio, soterradas baixo tubo en conductor RV-240.

Cumprído-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en toda-las súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos

de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 29 de xuño de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 03638

### Excma. Deputación Provincial

NOMEAMENTO PARA OCUPAR TRES PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO 2009, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA.

A Xunta de Goberno desta Entidade en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2010, acordou, resolver o procedemento selectivo para ocupar as prazas do cadro de persoal funcionario, promoción interna, que a continuación se relacionan, correspondentes a Oferta de Emprego 2009:

Nomear a D. Sergio Castiñeira López, para ocupar unha praza de Técnico de Xestión, escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A, subgrupo A2, (artigo 76 do Estatuto Básico do Emprego Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2009, reservada a promoción interna.

Nomear a D<sup>a</sup>. María Teresa López Rodríguez, para ocupar unha praza de Técnico de Xestión, escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A, subgrupo A2, (artigo 76 do Estatuto Básico do Emprego Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2009, reservada a promoción interna.

Nomear a D<sup>a</sup>. María del Pilar Piñeiro Vázquez, para ocupar unha praza de Técnico de Xestión, escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A, subgrupo A2, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2009, reservada a promoción interna.

O presente acordo faise público para cumprimento da base xeral 12.2.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP ao recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquer outro que estime procedente.

Palacio Provincial, 7 de xullo de 2010.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

**NOMEAMENTO PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE TÉCNICO ADMINISTRACIÓN XERAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO 2009, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA.**

A Xunta de Goberno desta Entidade en sesión celebrada o día 25 de xuño de 2010, acordou, resolver o procedemento selectivo a favor de D. Marcos Quiñoá Campos, para ocupar unha praza de Técnico Administración Xeral, escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Grupo A, subgrupo A1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2009, reservada a promoción interna.

O presente acordo faise público para cumprimento da base xeral 12.2.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP ao recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquer outro que estime procedente.

Palacio Provincial, 7 de xullo de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 03650

**NOMEAMENTO PARA OCUPAR CINCO PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS, PERSOAL DE OFICIOS, OFICIAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2008.**

A Xunta de Goberno desta Entidade en sesión celebrada o día dezaioito de xuño de dous mil dez, acordou, a resolución definitiva do procedemento selectivo nomeando a:

D. José Claudio López López, para ocupar unha praza de maquinista-condutor, escala Administración Especial, subescala Servizos Especias, Persoal de Oficios, oficial, grupo C, subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2008 cuxas bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 293, do 23 de decembro de 2009.

D. Óscar Lino Rodríguez Anido, para ocupar unha praza de maquinista-condutor, escala Administración Especial, subescala Servizos Especias, Persoal de Oficios, oficial, grupo C, subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2008 cuxas bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 293, do 23 de decembro de 2009.

D. José Fernández González, para ocupar unha praza de maquinista-condutor, escala Administración Especial, subescala Servizos Especias, Persoal de Oficios, oficial, grupo C, subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2008 cuxas bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 293, do 23 de decembro de 2009.

D. José Antonio Crende López, para ocupar unha praza de maquinista-condutor, escala Administración Especial, subescala Servizos Especias, Persoal de Oficios, oficial, grupo C, subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2008 cuxas bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 293, do 23 de decembro de 2009.

D. Rubén Novo Cortón, para ocupar unha praza de maquinista-condutor, escala Administración Especial, subescala Servizos Especias, Persoal de Oficios, oficial, grupo C, subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2008 cuxas bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 293, do 23 de decembro de 2009.

O presente acordo faise público para cumprimento da base xeral 12.2.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP

ao recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquer outro que estime procedente.

Palacio Provincial, 7 de xullo de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 03651

### ANUNCIO

Detectado un erro na publicación do anuncio no BOP de 7 de xullo de 2010 relativo a aprobación definitiva da ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación Provincial de Lugo, e polo que se procede a corrección do mesmo no seguinte sentido:

Onde di:

“ARTIGO 6º.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

A Xunta de Goberno Local poderá determinar, no momento de fixación dos prezos públicos para cada unha das actividades as exencións ou bonificacións, na contía e condicións que se deteminen e que consten xustificadas en razóns de interese público en cada un dos expedientes individualizados, todo elo de acordo co disposto no artigo 4”.

Debe dicir:

“ARTIGO 8º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

A Xunta de Goberno Local poderá determinar, no momento de fixación dos prezos públicos para cada unha das actividades as exencións ou bonificacións, na contía e condicións que se deteminen e que consten xustificadas en razóns de interese público en cada un dos expedientes individualizados, todo elo de acordo co disposto no artigo 4”.

Lugo, nove de xullo de dous mil dez.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 03673

RESOLUCIÓN DO ILMO. SR. PRESIDENTE DE DATA 6 DE XULLO DE 2010, POLA QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DA DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE LETRADO, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS SUPERIORES, GRUPO A, SUBGRUPO A1, PARA PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO QUE RESULTA DE APLICACIÓN A DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO EBEP.

Producíndose erro material no Decreto de data 18 de xuño de 2010 polo que se aproba a lista provisional de admitidos, se nomea aos membros do Tribunal cualifica-

dor e se cita aos membros do Tribunal e ao aspirante para a realización da probas para a provisión dunha praza de letrado, da escala Administración Especial, subescala técnica, técnicos superiores, grupo A, subgrupo A1, para persoal da Deputación Provincial ao que resulta de aplicación a disposición transitoria segunda do EBEP (persoal laboral fixo que desempeña funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario) cuxas bases xerais fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia nº 086, de 17 de abril de 2009 (corrección de erros BOP nº 236, de 15 de outubro de 2009) e bases específicas no BOP nº 78 de 8 de abril de 2010.

Visto o artigo 105.2 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que di: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos”, procédese a corrección do mesmo do seguinte xeito:

1º.- Onde di:

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis os aspirantes para que comparezan no Salón de Xuntas do Pazo Provincial o luns, día 8 de novembro de 2010, as dezaioito horas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Debe dicir:

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis os aspirantes para que comparezan no Salón de Xuntas do Pazo Provincial o luns día 29 de novembro de 2010, as deza-sete horas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Pazo Provincial, 7 de xullo de 2010.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 03674

### AYUNTAMIENTOS

ALFOZ

*Edicto*

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria, celebrada o día 2 de xullo de 2010, o orzamento municipal para o exercicio 2010, exponse ó público na Secretaría deste Concello por prazo de quince días hábiles que empezará a contarse desde o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Presidente do Concello, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobado o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Alfoz, a 3 de xullo de 2010.- O Alcalde, Emilio Lousas Muíña.

R. 03652

## CASTROVERDE

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria de 27 de maio de 2010, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 4/2010, primeiro na modalidade de suplemento de crédito que se fai público resumido por capítulos:

## ESTADO DE GASTOS

## OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS.

## A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de persoal	558.072,57
CAPÍTULO II: Gastos en bens correntes e servizos	970.331,15
CAPÍTULO III: Gastos financeiros	17.090,63
CAPÍTULO IV: Transferencias correntes	34.340,00

## B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións reais	1.306.264,13
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	22.700,00

## OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	35.500,00
TOTAL:	2.944.298,48

## ESTADO DE INGRESOS

## OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

## A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos directos	396.901,62
CAPÍTULO II: Impostos indirectos	36.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros ingresos	184.608,00
CAPÍTULO IV: Transferencias correntes	804.770,03
CAPÍTULO V: Ingresos patrimoniais	21.439,70

## B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	868.241,49

## OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	632.337,64
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	00,00
TOTAL:	2.944.298,48

Contra o presente acordo, en virtude do que se dispón no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do que se establece no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si só a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 2 de xullo de 2010.- O Alcalde, Xosé M<sup>º</sup> Arias Fernández.

**CERVO**  
**ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía de data 2 de xullo de 2010, aprobáronse os padróns correspondentes á mensualidade de abril de 2010 das taxas polas ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais, das taxas das cotas de socio e escola de natación da piscina municipal de Leiro, das cotas de socio do Clube Deportivo Riocobo, e os padróns correspondentes ás taxas polos servizos de abastecemento de auga, recollida de lixo e saneamento do 2º bimestre do ano 2010.

Estes padróns expoñeranse ó público por un prazo de 15 días naturais, que comenzarán a contarse dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende 12 de xullo de 2010 ata o 17 de setembro de 2010. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, éste esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento:

- Mediante domiciliación bancaria.
- En efectivo na Casa Consistorial.
- En calqueira oficina de Caixa Galicia, Banesto ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 2 de xullo de 2010.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 03653

**COSPEITO**

**ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DOS PADRÓNS DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS E RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2010.**

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde - Presidente ditou Resolución 2010.06.28 pola que se aproban os padróns de contribuíntes das taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria sólidos urbanos correspondentes ao primeiro trimestre de 2010 e cuxo contido literal da parte expositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“PRIMEIRO: Aprobar o padrón de contribuíntes polos conceptos de taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo cunha cota total de 25.408,20 € (IVE incluído), e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	IVE	TOTAL
1º T 2010	19.714,70	3.822,06	491,43	1.380,01	25.408,20

SEGUNDO: Aprobar o período de cobro en voluntaria correspondentes de acordo cas seguintes datas:

Padrón	Período voluntario de cobro
1º trimestre 2010	Do 20/07/2010 ao 05/10/2010

TERCEIRO: Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos Padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO: Dar traslado a Intervención e Tesourería Municipal.”

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no receara resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis

no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercitar calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello. Transcorridos ditos prazos iniciárase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

Cospeito, a 28 de xuño de 2010.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Armando Castosa Alvaríño.

R. 03676

## LUGO

### NOTIFICACIÓN EDICTAL DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 59.4 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de las resoluciones recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, dictadas por la autoridad competente según se dispone en el artículo 68.2 del Real Decreto Legislativo 339/1990, a las personas o entidades que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Contra la resolución que se traslada, puede interponer recurso de reposición ante el Ilmo. Sr. Alcalde, en el plazo de un mes o recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo Provincial, en el plazo de dos meses.

Podrá utilizar cualquier otro recurso que estime oportuno.

En el supuesto de recurrir en reposición, el recurso contencioso-administrativo no se podrá interponer hasta que se haya resuelto expresamente el de reposición o se produzca la desestimación presunta del mismo. (Arts. 89, 108, 109, 110, 116 y 117 de la Ley 30/1992, modificada por la Ley 4/1999 y art. 46 de la Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa).

Las multas deberán abonarse dentro de los quince días hábiles siguientes al de la presente publicación, ya que, de no hacerlo se procederá a su exacción por vía ejecutiva, con el recargo del 20%, intereses de demora y las costas que se causen.

Los correspondientes expedientes obran en la Unidad de Sanciones de la Delegación de Policía.

Lugar de pago: Oficina de Recaudación Ejecutiva sita en C/. Río Neira 27 Bj., de Lugo. (Telf: 982-255281, e-mail: recadacion.executiva@gtt.es) en horario de lunes a jueves de 9 a 18 h. (horario ininterrumpido), viernes de 9 a 14:30 H.

Lugo, a 05 de julio de 2010.- EL ALCALDE, P.D. EL TENIENTE DE ALCALDE DELEGADO DEL ÁREA DE RÉGIMEN INTERIOR Y PROTECCIÓN DE LA COMUNIDAD, José Rábade Arias.

LOCALIDAD	DENUNCIADO	DNI/NIF	EXPDTE.	FECHA	ARTÍC.	PÁRRAFO	NORMA	CUANTÍA	PTOS. A DETRAER	MATRÍC.
ANTIGUA	F. ZAPATA	32617071N	09/008337	6/10/2009	91		R.G.C.	120	0	C4203BL
ANTIGUA	F. ZAPATA	32617071N	09/010274	11/11/2009	94	1	R.G.C.	150	0	C4203BL
ARRECIFE	M. CAMARA	33520545T	09/008533	11/10/2009	91	2	R.G.C.	120	0	5758FRY
BALEIRA	M. MILLARES	33752266L	09/013545	22/11/2009	146		R.G.C.	150	4	4453CZT
BARBADAS	L.S. DELGADO	5194674D	10/000146	5/2/2010	72	3	L.S.V.	310	0	9353CJB
BECERREA	M.C. GONZALEZ	76570785J	09/014498	9/12/2009	50	1	R.G.C.	100	0	2952CBR
BURELA	M. VISPO	77596924F	10/000261	5/2/2010	72	3	L.S.V.	310	0	8402CDK
CANGAS	F. SOLIÑO	35265313B	09/011450	13/12/2009	91	2	R.G.C.	120	0	1476DPJ
CASTRO DE REI	C. PENELAS	33318968H	09/013880	5/12/2009	50	1	R.G.C.	100	0	1856DCC
CASTRO DE REI	E. ANLLO	33330602Z	09/014401	28/11/2009	50	1	R.G.C.	100	0	LU0144U
CERVO	J.A. SOUSA	35592177E	09/014010	8/12/2009	50	1	R.G.C.	100	0	LU8257W
CHANTADA	A. LAGOS	76617082B	09/012747	29/10/2009	146		R.G.C.	150	4	LU8280V

CORUÑA	C. CASTRO	30582989G	09/009912	2/11/2009	91		R.G.C.	120	0	7219FCH
CORUÑA	O. FERNANDEZ	46910311V	09/012894	11/10/2009	146		R.G.C.	150	4	6966FKR
CORUÑA	O. FERNANDEZ	46910311V	09/013165	6/10/2009	146		R.G.C.	150	4	6966FKR
CUBAS DE LA SAGRA	O. LEMA	33519780V	09/008008	27/9/2009	154		R.G.C.	60	0	5321FNM
ESTRADA	A.F. LOBATO	36155253N	09/012737	30/10/2009	146		R.G.C.	150	4	1622DLB
ESTRADA	G. CARBALLO	76854656H	09/012583	13/9/2009	146		R.G.C.	150	4	4936CFD
FERROL	A. VAZQUEZ	32565235H	10/000236	5/2/2010	72	3	L.S.V.	310	0	C5413BD
FERROL	M. VILLAR	32623835Z	09/011651	3/12/2009	91		R.G.C.	120	0	4753DYJ
FERROL	M.P. DIAS	X7638470D	09/014298	22/11/2009	50	1	R.G.C.	100	0	8735DXM
FOZ	J. FERNANDEZ	45680450Z	09/009023	21/7/2009	146		R.G.C.	150	4	3021CMP
GIRONA	J. MOLINER	40308599H	09/009158	25/7/2009	146		R.G.C.	150	4	0061GFH
LANCARA	S. MARTINEZ	50822586S	09/013709	30/10/2009	50	1	R.G.C.	100	0	9826GDN
LUGO	A. VARELA	33323803T	09/014063	6/11/2009	50	1	R.G.C.	100	0	0947FRB
